	<b>POLÍTICA DE RESPONSABILIDADE SOCIAL CORPORATIVA</b>	<b>Código: PA-P03-RRHH</b>
	<b>Proceso de Recursos Humanos</b>	Fecha aprobación: 30/03/2017
		Revisión: 0

## POLITICA DE RESPONSABILIDADE SOCIAL CORPORATIVA

- **Propósito, visión e valores.**

### **PROPÓSITO**

Acadar unha sociedade que ofrezca a igualdade de oportunidades para todas as persoas.

### **VISIÓN**

Ser unha entidade referente en Galicia, no sector da discapacidade, ser recoñecida socialmente pola súa calidade nos servizos para conseguir unha sociedade máis xusta, igualitaria e participativa.

### **PRINCIPIOS E VALORES**

- A persoa con discapacidade como centro do noso traballo e dos nosos obxectivos.
- Igualdade, diversidade, pluralidade de roles e identidade de xénero para conseguir a plena integración.
- Transparencia en todos os procesos, na xestión de recursos e servizos ofrecidos, no traballo do equipo técnico e na actuación dos órganos de goberno.
- Calidade na prestación dos nosos servizos por profesionais cualificados e especializados, seguindo o modelo de Xestión EFQM de Excelencia.
- Compromiso social para chegar a consecución dos dereitos das persoas con discapacidade en sinerxia co resto dos axentes sociais do territorio.
- Eficiencia xestionando adecuadamente os recursos dos que dispoñemos.
- Apoio mutuo entre traballadores/as, voluntarios/as e familias para un exitoso desenvolvemento das actividades fomentando o empoderamento.

- **Principios de actuación e instrumentos de apoio.**

Adisbismur comprométese a realizar a súa actividade no estricto cumprimento da normativa aplicable o desenrolla a súa actividade e de acordo cos máis altos estándares éticos e de conduta profesional, sempre fiel o seu compromiso de igualdade de oportunidades os/as seus/súas usuarios/as e demais grupos de interese.

A política de Responsabilidade Social Corporativa é coherente e respetuosa con estes principios de actuación, así como co resto de políticas desenrolladas pola asociación que incorporan os valores e normas que deben ser observados tanto nas relacións profesionais internas na Entidade como nas externas cos/as usuarios/as, familias e demais grupos de interese, en tódolos ámbitos nos que esté presente.

- **Obxetivos e ámbito de aplicación da Política.**

Á política de Responsabilidade Social Corporativa debe contribuir a :

- Favorecer a consecución dos obxetivos estratéxicos da asociación mediante prácticas responsables e sostibles.

- Previr, minimizar e mitigar os posibles impactos negativos derivados da súa actividade.
- Contribuir a mellora da reputación de Adisbismur.
- Extender os principios prácticos responsables no seno da sociedade, para avanzar conxuntamente hacia o progreso en materia social e medioambiental.

Tódalas persoas que forman parte de Adisbismur deben basar a súa actuación na boa fe, a integridade e o sentido común. Esta política é de aplicación a tódolos empregados/as e membros/as da Xunta Directiva.

- **Estratexia xeral corporativa para a xestión e o bo goberno de Adisbismur.**

Un dos obxetivos prioritarios de Adisbismur é garantir a transparencia, a independencia e o bo goberno da Entidade co fin de salvaguardar os intereses de tódolos grupos de interese e contar coa súa confianza.

Neste marco, a estratexia e a actuación de Adisbismur deberase basar entre outras, nas seguintes pautas de conducta:

- **Respetar os dereitos humans**, Adisbismur prohíbe toda discriminación acoso, abuso ou trato inapropiado por razón de xénero, raza, color, nacionalidade, relixión, opinión política, filiación, idade, orientación sexual, estado, incapacidade, minusvalía e demais situacións protexidas polo dereito tanto respecto os/as empregados/as, membros da Xunta Directiva, usuarios/as, socios/as, familias, voluntarios/as, provedores ou calquer persoa que interactúe coa Entidade.
- **Cumplir coa lexislación vixente.**
- **Fundamentar a política fiscal** nos principios de responsabilidade, prudencia e transparencia de conformidade coa lexislación vixente.
- Provomover a integración de **critérios sociais e ambientais.**
- **Fomentar a transparencia na difusión da información** ós grupos de interese de Adisbismur, establecendo canais de comunicación suficientes e difundindo a información de forma clara e concisa, adoptando en todo momento **prácticas de comunicación responsable** que eviten a manipulación informática protexan a integridade e o honor.

- **Compromisos en relación cos principais grupos de interese.**

- **Usuarios/as**



Adisbismur sitúa os/as usuarios/as como centro da súa actividade e en consecuencia traballa para aumentar a súa autonomía persoal nas actividades básicas da vida diaria.

En todas as relacións cos/as usuarios/as, Adisbismur actuará con honestidade e responsabilidade profesional con este obxectivo

Adisbismur comprométese a:

- Ofrecer **profesionais cualificados** para desenrolar todas as actividades realizadas no centro e orientadas sempre a aumentar a autonomía persoal nas actividades básicas da vida diaria.
- Impulsar a **máxima calidade** do servizo, co seguimento periódico da satisfacción dos/as usuarios/as a través de enquisas e implementar accións de mellora continua.
- Impulsar o **diálogo activo** cos/as usuarios/as e poñer a súa disposición as canles necesarias para que poidan facer chegar as súas consultas e reclamacións e ofrecerlles unha resposta áxil, personalizada e de calidade.

- **Comunicar de forma transparente e clara** para que poidan tomar decisions informadas de acordo co Proceso de Comunicación.
- Protexer a **confidencialidade** dos seus datos.
  
- **Empregados/as**  
 Dos profesionais de Adisbismur depende o éxito da sustentabilidade e eficacia da asociación.  
 Baixo esta premisa Adisbismur comprometése a :
  - Respetar os **dereitos laborais**.
  - Fundamentar a política de xestión das persoas no **respeto a diversidade, a igualdade de oportunidades e a non discriminación por razóns de xénero, idade, discapacidade ou calquer outra circunstancia** fomentando a diversidade, a inclusión social e un entorno laboral adecuado, digno e profesional.
  - **Integrar a perspectiva de igualdade de trato e de oportunidades das persoas.**
  - Promover a **estabilidade no emprego**, a **conciliación** laboral e familiar e o benestar da plantilla no entorno do traballo.
  - **Xestionar o talento** para impulsar o **desenrolo profesional** dos traballadores:
    - Favorecendo a atracción e retención do talento.
    - Mediante un **Plan de Formación**.
    - Garantizar a **seguridade** da plantilla e manter a súa **saúde** mediante o plan de prevención de riscos laborais.
    - Fomentar o **diálogo** e a comunicación interna e medir o seu grao de satisfacción a través de enquisas periódicas.
  
- **Sociedade**  
 Adisbismur traballa para:
  - Colaborar e fomentar a participación nos programas e iniciativas impulsadas pola asociación.
  - Fomentar o **programa do Voluntariado**
  - **Participar en iniciativas e colaborar con outras organizacións e entidades** do mesmo sector ou non.
  
- **Medioambiente.**  
 Adisbismur comprometése coa conservación do Medio Ambiente e respetando a legalidade vixente.  
 A este compromiso, recollido na Política Medioambiental, añádese a vontade de Adisbismur de:
  - Realizar o esforzo necesario para identificar ,caracterizar e minimizar o impacto ambiental derivado das actividades da asociación.
  - Sensibilizar, informar e formar sobre os aspectos ambientais derivados das nosas actividades, produtos e servizos sobre a xestión ambiental a todo o persoal do centro, usuarios/as, provedores...
  - Utilización sostible de recursos naturais, promovendo o aforro de luz e auga no desenrolo das nosas actividades e reducindo na medida do posible o consumo de materias primas, así como a utilización de produtos máis respetuosos co medio ambiente.
  - Minimizar a xeración de residuos e realizar a xestión dos mesmos intentando reutilizar, recuperar e reciclar.

 	<b>POLÍTICA DE RESPONSABILIDADE SOCIAL CORPORATIVA</b>	<b>Código: PA-P03-RRHH</b>
	<b>Proceso de Recursos Humanos</b>	Fecha aprobación: 30/03/2017
		Revisión: 0

- Cumplir coa lexislación ambiental vixente (restos peligrosos, uso de agroquímicos,...)
- Procurar as condicións de hixiene e seguridade adecuadas para a saúde dos/as nosos/as usuarios/as.

- **Provedores.**

Adisbismur comprométese a:

- Traballar con aqueles provedores que **respeten os dereitos humanos e laborais** fundamentais no exercicio da súa actividade.
- **Fomentar prácticas responsables** entre provedores e a súa cadea de suministro.
- **Promover a comunicación interna e** externa con criterios de transparencia e invitar os nosos provedores a aplicar unhas normas ambientais equivalentes as propostas por ADISBISMUR.

- **Canles de comunicación, participación e diálogo cos grupos de interese.**

Adisbismur mantén a disposición dos seus grupos de interese diversas canles de **comunicación, participación e diálogo** e comprométese a darlles a máxima difusión posible.

Estas canles que se detallan no Proceso de comunicación inclúen entre outros: buzón, enquisas, notas de prensa...

- **Seguimento e supervisión das prácticas de responsabilidades social corporativa.**

O/A responsable de calidade será o/a responsable de facer un seguimento anual das prácticas de responsabilidades social corporativa e presentar un informe.